Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que compromiso ten o seu Goberno coas políticas ambientais e de coidado da natureza en Galicia?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2021

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 31/05/2021 18:15:26



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.06.2021 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 16729(11/POPX-000034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas que vai tomar o Goberno galego para frear o
espolio enerxético de Galicia e o dano ambiental que causa

Publicación da iniciativa, 147, 02.06.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2021 18:21:25
Nº Rexistro: 16729
Data envío: 31/05/2021 18:21:25.902

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Señor Feijóo, vai tomar algunha medida para frear o espolio enerxético de Galiza, que ademais causa un grave dano ambiental?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 31/05/2021 18:19:35

CSA-REXISTRO16109145
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.06.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.06.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 16713(11/PUP-000184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as razóns do atraso na asignación ás autónomas e autónomos e ás pequenas e medianas empresas galegas dos fondos recibidos como consecuencia do Real decreto lei 5/2011, do 12 de marzo, de apoio á solvencia empresarial

Publicación da iniciativa, 147, 02.06.2021



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2021 17:55:45
Nº Rexistro: 16713
Data envío: 31/05/2021 17:55:45.464

Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta urxente para o seu debate en Pleno**.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada polos efectos da xestión dos recursos.

Teñen pasado 15 meses dende que en España (e en Galicia) se decretou o estado de alarma a consecuencia dunha pandemia da que afortunadamente xa empezamos a ver unha pequena luz o final do túnel.

O ano 2020 ten sido un ano dramático en termos sanitarios e en termos económicos.

O ano 2021, ofrece expectativas de mellora en ambos aspectos. Acadar a vacinación masiva da poboación (inmunidade de grupo) será determinante para acadar a recuperación plena.

Diante desta situación inédita o goberno español e as institucións europeas teñen reaccionado de xeito inmediato actuando con medidas rigorosas e de calado.

Polo que atinxe a Galicia, **solo no ano 2020, se mobilizaron 5.520 millóns de euros** en Avais garantidos polo ICO, con máis de 36.552 empresas beneficiarias e 56.273 operacións. Nese mesmo ano se aboaron máis de 1.596 millóns en prestacións estatais das que se beneficiaron máis de 207 mil persoas incluídos en ERTES e máis de 96 mil traballadores autónomos.

Polo que atinxe o ano 2021 a nosa Comunidade Autónoma recibiu transferencias extraordinarias de máis de 1.100 millóns de euros (consignadas no orzamento da Xunta de Galicia), a razón de 431 millóns procedentes do Fondo REACT EU e 685 millóns de transferencias directas do estado (asume directamente o 50% do déficit no que pode incurrir Galicia (1,1% do PIB).

Recentemente coa aprobación do **Real Decreto Lei de apoio a Solvencia Empresarial**, Galicia recibiu **no mes de abril un total de 234,47 millóns de euros** para axudar a autónomos e pemes, contía que xestiona directamente a



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2021 17:55:45
Nº Rexistro: 16713
Data envío: 31/05/2021 17:55:45.464

Xunta de Galicia decidindo os criterios de xestión, tramitación e resolución das axudas.

Fronte a este esforzo descomunal a nivel estatal a reacción da Xunta de Galicia no ámbito das súas competencias ten sido escasa, lenta e pouco efectiva . A pesar da inxección masiva de fondos dende o estado, a pesar de que a Xunta ten o maior orzamento da historia da nosa autonomía (1550 millóns máis que no exercicio anterior) o Goberno galego apenas leva comprometidos 150 millóns de euros en axudas directas a autónomos e pemes nos anos 2020 e 2021; cantidades absolutamente insuficientes para paliar os efectos devastadores que a pandemia xerou no noso tecido produtivo.

Diante desta situación , formulamos a seguinte pregunta URXENTE , para a súa resposta Oral en Pleno ,

Tendo en conta os efectos dramáticos provocados pola pandemia no plano económico, cales son as razóns polas que a Xunta de Galicia non ten asignados entre os autónomo/as e pemes galegas os 234,7 millóns de euros recibidos do Goberno central e que derivan do RD -Lei 5/2011, de 12 marzo?

Parlamento de Galicia, 31 de maio de 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 31/05/2021 17:54:47

CSV REXISTRO: 989yPCUJ0
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.06.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 16710(11/PUP-000182)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 6 máis

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para defender a autonomía financeira de Galicia e tentar reverter a modificación do artigo 36 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas que prevé o Proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal

Publicación da iniciativa, 147, 02.06.2021

A Mesa do Parlamento

Pedro Puy Fraga, Guadalupe Murillo Solís, Manuel Santos Costa, José Luis Ferro Iglesias, Paula Prado del Río, Sandra Vázquez Domínguez e Cristina Sanz Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Parlamento de Galicia aprobou o pasado 27 de xaneiro, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e sen ningún voto en contra, unha Proposición Non de Lei para defender a autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria que a Constitución, o Estatuto de Autonomía e as leis lle recoñecen a Galicia, baseada en que o artigo 156 da Constitución Española garante a autonomía financeira das Comunidades Autónomas para o desenvolvemento e execución das súas competencias, de acordo cos principios de coordinación coa Facenda estatal e de solidariedade entre todos os españois.

Esta iniciativa aprobouse logo de coñecerse a intención do actual Goberno de coalición PSOE-Podemos de deturpar o noso dereito civil e a nosa autonomía fiscal mediante a introdución no Proyecto de Ley de Medidas de prevención y lucha contra el fraude fiscal dun artigo Terceiro, que modifica a Ley 35/2006 del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas, que no seu número Dos modifica o artigo 36 da mencionada Ley do IRPF, de xeito que se equipara a un suposto de fraude fiscal a transmisión dos bens herdados en vida a un terceiro mentres o causante segue vivo, ao que se obrigaría a tributar por unha ganancia patrimonial excesiva no IRPF ao ter en conta para o cálculo da mesma a data e valor de adquisición do apartante e non a de quen herdou o ben.

Galicia, en uso da súa autonomía fiscal, garantida no seu Estatuto de Autonomía (art. 42 e 44, e nas D.A) ven desenvolvendo desde o ano 2009 unha política tributaria caracterizada por unha responsable baixada dos tributos, particularmente beneficiosa para as clases medias e as menos favorecidas, que ten permitido a práctica eliminación do ISD, xa que o 99,6 % dos contribuíntes están exentos do pago de este tributo (ao valorarse en menos dun millón de euros a herdanza que reciben dos seus proxenitores, fillos ou cónxuxes).

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Ademais, nesta estratexia fiscal de rebaixa de tributos están sendo especialmente significativas, pola súa incidencia social, as exencións introducidas no ISD. Porque Galicia, tamén ao amparo da Constitución de 1978 (art. 149.1.8º) e do Estatuto de Autonomía (art. 27.4), ten actualizado o seu dereito civil, no que salientan as figuras dos chamados pactos sucesorios (a “apartación” e o “pacto de mellora”, arts. 209 a 213 e 214 a 218 da Lei 2/2006 de Dereito Civil de Galicia), que permiten, como acontece en Galicia desde tempos inmemoriais, a transmisión sucesoria en vida do causante de bens concretos aos herdeiros.

Non obstante, e pese á iniciativa aprobada polo Parlamento galego, o actual Goberno de coalición PSOE-Podemos mantén a súa pretensión de deturpar o noso dereito civil e a nosa autonomía fiscal mediante a introdución no Proyecto de Ley de Medidas de prevención y lucha contra el fraude fiscal do citado artigo Terceiro, que modifica a Ley 35/2006 del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas. A semana pasada a Comisión de Hacienda do Congreso dos Deputados deu o seu visto bo a esta norma, pero aínda ten que ser ratificada polo Senado.

Esta norma, de aprobarse, produciría unha evidente discriminación ao restrinxir a capacidade de disposición dos herdeiros en vida do que teñen percibido (que terían que agardar ao falecemento do causante para poder dispoñer dos bens) facéndolles tributar por unha parte do valor dos bens que queda exonerada de percibilos ao falecemento do causante; desvirtuaría novamente a natureza dos pactos sucesorios contemplados no Dereito Civil de Galicia; xeraría unha grave incerteza xurídica ao no preverse ningún réxime transitorio; e afectaría por todo elo gravemente a autonomía de Galicia, tanto no que atinxe ao desenvolvemento do seu propio Dereito Civil como ao exercicio da autonomía financeira por parte da Comunidade Autónoma, que utiliza, de acordo coa Constitución e o Estatuto, as súas competencias en materia tributaria para realizar políticas económicas e sociais específicas.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2021 17:02:32
Nº Rexistro: 16710
Data envío: 31/05/2021 17:02:32.589

Que xestións realizou o Goberno galego para defender a autonomía financeira de Galicia e tentar revertir a modificación do artigo 36 da Ley del IRPF que prevé o Proyecto de Ley de Medidas de prevención y lucha contra el fraude fiscal?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2021



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2021 17:02:32
Nº Rexistro: 16710
Data envío: 31/05/2021 17:02:32.589

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/05/2021 16:56:43

María Guadalupe Murillo Solís na data 31/05/2021 16:57:07

Manuel Santos Costa na data 31/05/2021 16:57:26

José Luis Ferro Iglesias na data 31/05/2021 16:57:34

Paula Prado del Río na data 31/05/2021 16:57:45

Sandra Vázquez Domínguez na data 31/05/2021 16:58:05

Cristina Sanz Arias na data 31/05/2021 16:58:24



CSV REXISTRO: OULWDRTH9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.06.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 11528(11/POP-001630)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre o avance que presentan os traballos de ampliación da rede de centros integrados de formación profesional

Publicación da iniciativa, 105, 03.03.2021

Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

O fomento e a posta en valor do ensino en materia de Formación Profesional ten sido unha das prioridades da Xunta de Galicia.

O impulso dado á Formación Profesional tense materializado en moi diversas accións e medidas, tanto desde o punto de vista normativo como organizativo.

A relación cada vez máis próxima entre a demanda dos sectores produtivos galegos e os contidos formativos dos diferentes ciclos, tanto de grado medio como de grado superior, así como a realización de prácticas supoñen un atractivo para moitos estudantes.

O carácter formativo teórico e práctico da Formación Profesional segue a despertar o interese da mocidade, xa que son conscientes de que contribúe a mellorar as súas oportunidades de cara ao acceso a un posto de traballo.

De feito, os estudantes que escollen este tipo de formación acadan unha inserción laboral no primeiro ano despois de titularse dun 86%; cifra que aumenta ata máis dun 90% se falamos da Formación Profesional Dual.

Neste liña a Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 18 de decembro de 2020, adoptou o acordo de que: “O Parlamento de Galicia instara o Goberno galego a ampliar a Rede de Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP) en Galicia a través da incorporación de novos centros para mellorar a oferta de FP co obxecto de avanzar na formación e na adquisición das aptitudes e das competencias do alumnado galego”.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2021 11:09:59
Nº Rexistro: 11528
Data envío: 22/02/2021 11:09:59.320

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta oral en pleno:

Como evolucionan os traballos de ampliación da rede de centros integrados de formación profesional ?

Santiago de Compostela, a 22 de febreiro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 22/02/2021 10:58:38

Teresa Egerique Mosquera na data 22/02/2021 10:58:50

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/02/2021 10:59:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/02/2021 10:59:46

José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2021 11:00:14

Sandra Vázquez Domínguez na data 22/02/2021 11:00:34

María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/02/2021 11:00:44



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.06.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.4 15802(11/POP-002072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia relativas á conservación e posta en valor do ben de interese cultural da torre de Teodomiro, no concello de Aranga

Publicación da iniciativa, 138, 12.05.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 17:39:53
Nº Rexistro: 15802
Data envío: 05/05/2021 17:39:53.678

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á conservación e posta en valor do BIC da Torre de Teodomiro (Aranga).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O denominado como castelo, Torre de Teodomiro, ou Castrum Feacium estivo “perdido” longo tempo. Coñecido a través da obra de Manuel Martínez Santiso e Alfredo Erias, "Historia de la Ciudad de Betanzos" de 1987, até ao de agora non se determinara o seu emprazamento preciso.

A pesar de non saber a situación exacta da fortificación seu valor documental é grande, posto que a noticia emana do Cronicón de Walfrido, segundo o cal o Rei Teodomiro da Suabia mandara construír unha fortaleza militar no "Monte Cato" coñecida como “Castrum Feacium”. Estes dous topónimos aínda perduran localmente en forma de Monte do Gato, e de Feás.

En todo caso o Cronicón estaría informando dunha importante actuación, a construción dunha fortaleza por parte dun rei, nun contexto viario moi importante: fronte a camiño real que unía Betanzos con Curtis, Sobrado ou Lugo. O camiño que tomaron tempo mais tarde, no ano 995, os viquingos para chegar a Santaia de Curtis.

CSV: REXISTRO16165E16169
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 17:39:53
Nº Rexistro: 15802
Data envío: 05/05/2021 17:39:53,678

Así, non resultaría moi razoábel a alteración dun entorno que puidese comportar a perda dun importante documento sen antes non ter feito un profundo traballo de prospección que determinara o seu emprazamento. Poderíase perder un importante documento da chamada Época Escura pola súa escaseza documental

Recentemente, aplicando novidosas técnicas de análise xeográfica, volveuse examinar a contorna do lugar denominado Castelo, sito no concello de Oza-Cesuras, e que figura na cartografía española oficial. Por tanto un lugar real.

Así ten aparecido unha fortificación típica da Alta Idade media, nas abas do Monte do Gato, no lugar de Castelo de Arriba, que consta dunha muralla elipsoidal e probabelmente un corpo central.

Unha vez confirmadas as noticias históricas cumpre realizar unha prospección sistemática que permita a delimitación planimétrica do ben.

A fortaleza, xunto con seu valor documental, é un monumento salientábel dentro da comarca, tendo en conta a escaseza deste tipo de fortificacións e a súa posición estratéxica, nun entorno ben conservado e significativo.

Non se pode considerar como algo menor; é un produto xenuíno da súa época, da capacidade construtiva naquel momento, e da estruturación e uso do territorio.

Actualmente están en tramitación 6 proxectos de parques eólicos -PE Felga, PE Feás, PE Seselle, PE Fontella, PE Gato e PE Penas Boas- na zona do Monte do Gato que poderían afectar a esta torre, catalogada como BIC, como se fixo constar nas alegacións que como BNG presentamos ao proxecto do parque eólico Gato, que tería unha afectación directa sobre esta Torre.



CSV REXISTRO: 010M6Eva99

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 17:39:53
Nº Rexistro: 15802
Data envío: 05/05/2021 17:39:53.678

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten pensado levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir a conservación e posta en valor do BIC da Torre de Teodomiro?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 05/05/2021 17:38:58

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/05/2021 17:39:02

Mercedes Queixas Zas na data 05/05/2021 17:39:10



CSV REXISTRO COMSEVab9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.06.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.5 15816(11/POP-002073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as actuacións do Goberno galego respecto das previsións para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido

Publicación da iniciativa, 138, 12.05.2021



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Hai cinco meses, a Comisión 6ª do Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista que lle pedía á Xunta de Galicia que constituíse unha mesa de traballo multilateral co fin de acadar a homologación do Camiño dos Faros, unha homologación que leva dous anos paralizada e pendente dun goberno galego que semella que unha iniciativa de éxito como é esta ruta de sendeirismo, para as comarcas de Bergantiños e a Costa da Morte, non lle preocupa.

Con esta proposta, a unanimidade dos grupos do Parlamento reclamáballe á Xunta de Galicia a constitución dunha mesa de traballo na que ademais do executivo galego participasen a Deputación da Coruña, os alcaldes dos 9 concellos polos que transcorre o Camiño dos Faros, a Asociación de Turismo Costa da Morte –ATCM-, a Asociación Camiño dos Faros, a Federación Galega de Montañismo e aqueles outros organismos e colectivos que a propia mesa estime conveniente polo seu recoñecemento e competencias nos ámbitos que o asunto requira.

O obxectivo desta iniciativa era conseguir a homologación e planificar o futuro dunha actividade que mobiliza ata 20.000 visitas anuais á Costa da Morte e Bergantiños. Dende o Grupo Socialista seguimos apostando por un Camiño dos Faros tal e como está configurado actualmente e non roubarlle o nome nin diluílo noutro tipo de proxecto que utilicen grandes consultoras para un mero uso economicista e deixando na cuneta o realmente importante. Resulta necesario salvar os escollos, principalmente medioambientais, coa titularidade das leiras ou a porcentaxe de asfalto que presenta a proposta, coas modificacións propostas pola propia Asociación Camiño dos Faros, promotora do proxecto ou outras que se pactasen na mesa que se debería constituír.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 10:30:11
Nº Rexistro: 15816
Data envío: 06/05/2021 10:30:11.372

Nestas datas a Asociación Camiño dos Faros tivo unha reunión coa Federación Europea de Senderismo porque O Camiño dos Faros pode ter o selo *Leading Quality Trail*, a única en España, como así indica o proxecto realizado. Algo que teñen claro na Federación Europea, pero que aquí segue sen desbloquearse por parte da Xunta de Galicia que non cumpre co acordo do mes de decembro de 2020 e nin tan sequera se puxo en contacto cos alcaldes afectados para ver como comezar a facer as reunións que consigan a dita homologación.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

A que está esperando o Goberno galego para constituír a mesa de traballo para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido, despois de que fose aprobado pola unanimidade dos grupos do parlamento hai 5 meses?

Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 05/05/2021 13:56:04

María Leticia Gallego Sanromán na data 05/05/2021 13:56:20

CSV REGISTRO EN GALICIA
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.06.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.6 16711(11/PUP-000183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a ampliación da permanencia de mozos e mozas con
discapacidade nos centros de educación especial

Publicación da iniciativa, 147, 02.06.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2021 17:03:59
Nº Rexistro: 16711
Data envío: 31/05/2021 17:03:59.074

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a ampliación da permanencia de mozos e mozas con discapacidade nos centros de educación especial (CEE).

Xustificación da urxencia

A urxencia motívase no inminente remate do curso escolar nos centros de educación especial, e na necesidade de dar unha resposta ás familias, á maior brevidade posíbel, sobre a ampliación da permanencia de mozas e mozos con discapacidade neses centros educativos máis aló dos 21 anos.

Exposición de motivos

O Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes, no seu artigo 20.4, indica que o límite polo que os mozos e mozas con discapacidade poden permanecer nos centros de educación especial é de 21 anos.

Este feito provoca, segundo a Plataforma de ANPAS de CEE Galiza, importantes consecuencias tanto para o alumnado como para as familias, que se senten impotentes ao ver paralizado definitivamente o proceso formativo dos seus fillos e fillas, ao tempo que imposibilita a conciliación laboral dos proxenitores, nomeadamente das nais, que deben atender os fillos e fillas nos domicilios persoais e abandonar, en moitos casos, a actividade laboral.

CSM-REXISTROCRNABH6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2021 17:03:59
Nº Rexistro: 16711
Data envío: 31/05/2021 17:03:59.074

Esta demanda familiar non é exclusiva de Galiza, senón que existen precedentes semellantes no Estado español con resolución favorábel ás demandas das familias, como é o caso da Comunidade Autónoma de Castela-León que acordou que o alumnado con necesidades especiais poida permanecer nos seus centros educativos máis aló dos 21 anos.

Desde o BNG compartimos esta demanda das familias, así como a urxente necesidade de darlles unha resposta á maior brevidade posíbel, en tanto que apenas restan tres semanas para que remate o curso escolar.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e do deputado asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Está disposta a Xunta a realizar a modificación regulamentaria precisa que permita a continuidade do alumnado con discapacidade nos CEE máis aló dos 21 anos?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG



CSV REXISTRO: R0CRNoABHb6

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2021 17:03:59
Nº Rexistro: 16711
Data envío: 31/05/2021 17:03:59.074

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 31/05/2021 17:03:33

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 31/05/2021 17:03:37

CSV REXISTRO RNO ABH6
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.06.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.7 8883(11/POP-001242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver a problemática xerada pola precariedade das instalacións do Servizo de Urgencias Extrahospitalarias situado no Hospital Comarcal de Monforte

Publicación da iniciativa, 88, 03.02.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 13:01:29
Nº Rexistro: 8883
Data envío: 22/01/2021 13:01:29.267

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o PAC de Monforte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca de Lemos conta cun Servizo de Urgencias Extrahospitalarias situado no propio Hospital Comarcal de Monforte, e con motivo da Pandemia COVID o establecemento dá dobre vía nos servizos de entrada á Sanidade neste caso de Urgencias e PAC fixo que fora trasladado a unha zona que non viñan ocupando.

En ningún momento foi consultado o persoal do PAC, nin sequera se contou con el para ver se se podían tomar medidas para outra situación.

Isto fixo que se dea unha situación de inseguridade sanitaria para usuarias/os e tamén para o persoal, e o da inseguridade á que nos referimos vai dende o ateigamento do persoal (do hospital e PAC) en admisión de urxencias, ata a sobre ocupación que se pode chegar a dar, e que se dá, na sala de espera compartida para pacientes, que non reúne os máis mínimos requisitos en canto á separación e que aínda que conta cunha fiestra, o día que tivemos que acudir estaba perfectamente pechada porque xa era noite e o frío imperaba.

CS14-REXISTRO4x8Qp2359
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 22/01/2021 13:01:29

Nº Rexistro: 8883

Data envío: 22/01/2021 13:01:29.267

As urxencias extrahospitalarias non teñen almacén, nin sala de curas, nin tampouco box propios, usan dous da urxencia, todo canto se modificou para uso de pacientes ou persoal ponos en situación de risco.

É innegable que trala ampliación o hospital conta con espazos suficientes para reestruturar as urxencias con criterios obxectivos e sentido común, incluso poden contar coas suxestións do persoal que traballa a diario e que sabe perfectamente as necesidades que teñen, eles e máis os usuarios/as.

Queremos facer fincapé en que, dende o noso punto de vista, un PAC dentro de un Hospital debe servir para que poidan usar máis medios e que polo tanto sexa máis resolutivo, pero que non debe ser usado para aliviar as urxencias do propio hospital.

Por estes motivos fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que está disposta a facer a Xunta de Galiza para resolver a problemática do Servizo de Urxencias Extrahospitalarias sito no Hospital Comarcal de Monforte e motivada pola precariedade das instalacións?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 13:01:29
Nº Rexistro: 8883
Data envío: 22/01/2021 13:01:29.267

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 22/01/2021 13:00:36

María Montserrat Prado Cores na data 22/01/2021 13:00:46

Iria Carreira Pazos na data 22/01/2021 13:00:56

Olalla Rodil Fernández na data 22/01/2021 13:01:07



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.06.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.8 11040(11/POP-001571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia dos resultados do proceso asistencial integrado para a esclerose lateral amiotrófica (ELA), posto en marcha no ano 2018

Publicación da iniciativa, 101, 24.02.2021

A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA) é unha enfermidade do sistema nervioso central caracterizada por unha dexeneración progresiva das neuronas motoras na corteza cerebral, o tronco do encéfalo e a médula.

Trátase da terceira enfermidade neurodexenerativa en incidencia, despois da demencia e a enfermidade de Párkinson.

Esta é, xunto ás súas variantes, a enfermidade de neurona motora máis frecuente do adulto.

Na actualidade, non hai posibilidade de ofrecer unha curación da enfermidade, pero o que si podemos ofrecer os e as pacientes que padecen ELA, e tratar de mellorar a súa calidade de vida, e acompañalas neste duro proceso de adaptación a súa nova realidade e tamén aos seus familiares, mediante un modelo atención que chegue a ser un paradigma na calidade dos coidados que reciban.

A organización das consultas de acto único nos hospitais de Galicia, ou o compromiso de axilizar a tramitación da valoración da discapacidade aos pacientes con ELA para que a súa resolución se emita no prazo máximo dun mes dende o momento da solicitude, son dous exemplos destes novos deseños organizativos.

Unha enfermidade na que ademais do servizo de Neuroloxía, están implicados Rehabilitadores, Fisioterapeutas, Logopedas, Terapistas ocupacionais ou Psicólogos, necesita coordinación e esforzos por parte de todos os profesionais implicados; para obter os mellores resultados.

Por parte do Servizo Galego de Saúde fíxose un gran esforzo para o diagnóstico precoz desta enfermidade, tanto no ámbito hospitalario como en atención primaria e para a coordinación de tódolos servizos implicados no tratamento de estes pacientes.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 17:16:46
Nº Rexistro: 11040
Data envío: 15/02/2021 17:16:46.762

Galicia foi a primeira Autonomía, das 11 que firmaron o convenio, en abordar o acordo subscrito entre a Xunta, a través das Consellerías de Sanidade e Política Social, coa Fundación Francisco Luzón, con "un enfoque clínico e socioasistencial para obter unha mellor calidade de vida nos pacientes " con ELA.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos resultados do proceso asistencial integrado para a esclerosis lateral amiotrófica posto en marcha no ano 2018?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 17:16:46
Nº Rexistro: 11040
Data envío: 15/02/2021 17:16:46.762

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/02/2021 17:13:45

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 15/02/2021 17:14:03

José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2021 17:14:13

Noelia Pérez López na data 15/02/2021 17:14:22

María Corina Porro Martínez na data 15/02/2021 17:14:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2021 17:14:49

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/02/2021 17:15:03



CSV REXISTRO:ROIHMkF8sY5

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.06.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.9 16155(11/POP-002112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do
reforzamento dos servizos do Centro de Saúde da Guarda

Publicación da iniciativa, 144, 26.05.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2021 10:54:11
Nº Rexistro: 16155
Data envío: 14/05/2021 10:54:11.763

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a situación da sanidade pública no Concello da Guarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde da Guarda padece dende hai anos unha situación que os propios profesionais cualifican de extrema. A falta de coberturas das ausencias dos profesionais (en ocasións por máis dun ano) fan que o colapso da atención sanitaria sexa unha realidade cotiá. Mais por se isto non fose dabondo, a situación empeorou coa marcha dun profesional a outra comunidade.

Actualmente na Guarda hai cupos que levan máis dun ano sen médicos de referencia, o que implica un deterioro da atención sanitaria que inflúe en todo o persoal (facultativos, persoal de enfermería, PSX...) e que se ve agravado tanto pola distancia ao hospital de referencia (a case unha hora en coche) como pola centralización da servizo de pediatría de Oia e o Rosal, neste centro.

A situación acada tal nivel de gravidade que hai escasos días o centro de saúde ficou cun único facultativo para atender a toda a veciñanza; o que obrigaría a deixar o centro de saúde sen atención, se houber unha urxencia que obrigase a saír.

CSM-REXISTRO/Hy6PmS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2021 10:54:11
Nº Rexistro: 16155
Data envío: 14/05/2021 10:54:11.763

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno Galego solucionar os problemas do centro de saúde de A Guarda, dotando este centro do persoal necesario para reforzar os servizos de pediatría, enfermaría e PSX e contemplando o dobre equipo no PAC da Guarda?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/05/2021 10:52:44

María Montserrat Prado Cores na data 14/05/2021 10:52:47

Iria Carreira Pazos na data 14/05/2021 10:52:56

